

**Poesía** De Bataille a Derrida, por caso, a economía do don cruza moitas paraxes de pensamento do século pasado. Os últimos poemas de Paulino Vázquez retoman o diálogo con iso que se dá excedendo as contas

# Contra a usura

*Paulino Vázquez, o eu que constitúe discurso e modula métricas libres de quen oe a música das fontes, fónicas e semánticas a vontade as métricas, fabrica espirais no regreso que non cesa dese léxico da devastación, da capitulación, da relectura de Pound, tamén conservadora e relixiosa no sentido non mercantil e non xerarquizante deses termos malqueridos pola modernidade que outros conxugaron por nós. A alienación e o acabamento. Eses son os asuntos deste tratado moral no que conviven a temporalidade e o tropo medievais, a espacialidade e a arquitectura barrocas e os imaxinarios románticos e modernistas (ingleses sempre neste poeta maior entre os do seu tempo, neste poeta de obra breve).*


Arturo Casas

En 1925 Marcel Mauss publicou un ensaio sobre a importancia social e cultural dos agasallos. Quizais non sospeitaba que entrado o século XXI un poeta chegaría, por distintos medios –a poesía tamén é un medio–, ás mesmas conclusións. Mauss pretendía explicar a forma e o sentido do intercambio nas sociedades arcaicas; *Arcaico o tempo que respira* fai da primeira palabra do título ben máis que un adxectivo. O arcaico é o inactual, os cascallos tanxibles que, en presente, poden dar testemuño do que foi. O tempo, como en Benjamin, é material e pódese tocar. Arfa de noite, cando non miramos, igual que a natureza que Aristóteles imaxinara baixo a forma dun animal, seguramente monstro.

A economía do don atravesará unha das liñas de sentido do pensamento do pasado século, mais o percorrido desta traxectoria aínda non foi debuxado por completo. Georges Bataille, Jean Baudrillard ou Jacques Derrida son só tres dos escritores que tentaron responder ao significado social daquilo que é posible dar á marxe dos principios de mensurabilidade e de correspondencia. Por máis que Paulino Vázquez sexa ben máis debedor dos modos enunciativos da poesía inglesa que das aventuras retóricas da penúltima filosofía francesa hai algo aquí, en *Arcaico o tempo que respira*, que dialoga, queréndoo ou sen querelo, con todas e cada unha das paraxes do pensamento sobre o don. O agasallo, aínda que sexa retribuído, é incontable. Non hai don sen exceso, e esa constatación invirte, sen impugnalas, a teoría do desinterese estético de Kant e a noción marxiana de plusvalía. O arcaico, en Mauss e en Vázquez, é o que fai posible a resistencia á usura.

## O SENTIDO DO BARROCO

Dicía Severo Sarduy nos seus *Ensayos generales sobre el barroco* (Fondo de Cultura Económica, 1987): “Ser barroco hoxe significa ameazar, xulgar e parodiar a economía burguesa, baseada na administración mesquiña dos bens, no seu centro e fundamento mesmo: o espazo dos



O silencio antes de Bach. // Pere Portabella

signos”. Os custos e os pagamentos por veces son simbólicos, sen que iso os faga menos reais. Vázquez móvese así nun espazo de signos rexidos polo principio de serialidade, nun traballo intenso de composición do son e do sentido que fai da unidade versal moito máis que un camiño cara ao peche. Como os bos xogadores de xadrez, o autor sabe que cada movemento é singular e, ao tempo, modifica o conxunto. Igual que hai un barroco de columnas retortas e de enganar ao ollo, houbo tamén, no dezaioito galego, un barroco de placas que libros coma este e coma outros continúan honrando. En *Arcaico o tempo que respira* o decisivo non son as figuras, senón os volumes. De novo, o espazo dos signos, ou como quería Deleuze no seu ensaio sobre Francis Bacon, a lóxica da sensación.

Cumpriría tamén explicar a emerxencia do sagrado, que outros chamarían sublime, neste libro. Como recoñecía Walter Benjamin nas súas *Teses sobre a historia*: “O pasado leva un índice oculto que non deixa de remitilo á redención. Acaso non nos aloumiña, tamén a nós, un pasar do aire que envolvía aos de antes? Acaso nas voces que escoitamos non está o eco das voces que deixaron de soar? [...] Se é así, un segredo compromiso de encontro está vixente entre as xeracións do pasado e esta nosa. É dicir: eramos agardados sobre a terra”. Hoxe en día a palabra redención non goza, quizais con xusteza, de grande sona. Mais en Vázquez, como

en todos os escritores barrocos, o sentido do sagrado sobarda o relixioso para se internar nesa zona de recoñecemento dialéctico entre o que xa pasou e o que non veu. Non hai historicismo baleiro no seu aceno de apropiación das voces dos escritores mortos. A recuperación do pasado literario que emprendeu o poeta cando menos dende *A experiencia inglesa* (autoedición, 1998), e que alcanza aquí a palabra de María Mariño, Virginia Woolf ou as Brönte, por mencionar só algunhas, ten o sentido dunha apropiación. *Arcaico o tempo que respira* é, en ben medido verso branco, unha desas historias literarias que aínda non se escribiron en Galicia.

No texto co que abrín estas liñas, Arturo Casas expuña moitas das razóns polas que o proxecto poético de Vázquez atopa en *Arcaico o tempo que respira* a súa manifestación máis condensada. O fragmento citado recoñecía, entre parénteses (as parénteses, na crítica, adoitan sinalar o que non debe ser desatendido), que Vázquez era un poeta “maior entre os do seu tempo”. Feliz recoñecemento para quen, coma o seu mestre Eliot, sabe apreciar a importancia dos poetas menores en calquera tradición. *Perdendo o tempo que fuxe como Xoán Sebastián Bach* (autoedición, 1983), *Seixo de desfacer entre os dedos* (Sotelo Blanco, 1985), *Aquí podían ser os pés de axila* (Sotelo Blanco, 1992), *Un áspero tempo de caliza* (Diputación Provincial da Coruña, 1994) e *A experiencia inglesa* trazan unha procura gobernada

**Arcaico o tempo que respira**  
Paulino Vázquez ·  
Galaxia, 2009 ·  
64 páx · 10,60 euros



por un sentido do decoro pouco frecuente en tempos que semellan aconsellar aos autores a construción deliberada da súa imaxe pública. O poeta artífice, dedicado ao traballo paciente e coidadoso do poema –como xa se apuntou, Vázquez é sempre consciente da importancia da acentuación interna e da construción rítmica do verso– agóchase para amosar que a lingua pode ser potencia de pensamento e excedente do sentir.

Este libro, que camiña en baixo continuo, magnífica aquí e agora aquel aceno que, dende distintos lugares e sensibilidades, artellou as vellas arquitecturas históricas do barroco e do romanticismo. Sentan, logo, ao banquete Rosalía de Castro, Otero Pedrayo e Xosé Luís Méndez Ferrín, mais tamén a álgebra de Bach, a arte en fuga do tempo que imparte as súas leccións para quen as escoite. Como na música, nos libros de poemas non hai repeticións nin pausas verdadeiras. Todo acontece unha vez e para sempre. En poucos poetas galegos a forma está tan chea de contido.

// María do Cebreiro Rábade Villar